

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/12	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de marzo de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 11 de marzo de 2019

Favorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

LOURDES RIAL PARDO
MARIANO ABALO COSTA
MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
TANIA CASTRO PAREDES
XOSE MANUEL PAZOS VARELA
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
ÁNGELA VIZOSO MARCOS

En contra

Abstencións

TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ

Ausentes

A Xunta de Goberno Local por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da sesión realizada en data 11 de marzo de 2019.

Expediente 5854/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5854/2018.- Autorizar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X PB, para no lugar de Parada-Coiro (X), executar unha R.B.T.S., para canalización de 10 metros lineais, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial R. P. F., de data 15 de novembro de 2018 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 14 de decembro de 2018:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer





obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5524/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5524/18.- A "NEDGIA GALICIA SA", titular do CIF nº X, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Lisboa-Edificio Área Central, local X, H-I-J, Polígono Fontiñas pl. PB-Santiago de Compostela, para en rúa A Garita, nº X-Cangas (X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha acometida de gas de 4,50 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro industrial A. C. B., de data outubro de 2018, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.





Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 883/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 883/2019.- Outorgar a A. Á. A., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras para reformar 42,12 m²., de planta baixa, outros tantos de primeiro e segundo andar, ampliar en 27,58 m²., de andar baixo cuberta, de edificación destinada a dúas vivendas en rúa do Arco, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto A. R. A. de xaneiro de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a oitenta e cinco mil novecentos sesenta e catro euros (85.964,00 €).

Expediente 3037/2017. Licenza primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3037/2017.- Outorgar licenza de primeira ocupación a A. L. M. e M. I. G. L con enderezo en Camiño do Souto, nº X-San Pedro-Darbo, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 3037/2017 e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta municipal de data 15 de marzo de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 18 de marzo de 2019.

Así mesmo, apróbbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 6359/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipodevotación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía de data 14.03.2019, referente a incoación de expediente de restauración da legalidade urbanística nº 6359/2017-S, que é como segue:





"Resultando que no lugar de Praza do Señal, nº X, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: colocación de tres toldos na fachada con catro brazos articulados metálicos (dous para o toldo central e dous para os laterais) de grandes proporcións, voando sobre o espazo público e dificultando o paso dos viandantes.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, D. D. F., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a D. D. F por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar colocación de tres toldos na fachada con catro brazos articulados metálicos (dous para o toldo central e dous para os laterais) de grandes proporcións, voando sobre o espazo público e dificultando o paso dos viandantes, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G. sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención erecusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.





QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución á interesada , indicándolle que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente."

Expediente 440/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 20.03.2019 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 440/2017-S, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 06.04.2018, en relación ao expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello nº 440/2017-24/2016, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de J. H. D. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de San Amaro-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar a reconstrución dun muro de cachotería, dúas casetas e un cerramento do fronte da parcela, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 6 de abril do 2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 17.04.2018, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 20 de marzo do 2019, presenta escrito de alegacións solicitando a redución do 90% da sanción por legalizar as obras.

Esta alegación procede ser estimada visto o informe da inspección de obras de data 06.04.2018, no que manifesta que:

'Na xunta de goberno desenvolvida o 26.02.2018, se aproba a comunicación previa nº 6291/2017, para o arranxo do muro de cachotería a nome de V. P.H.obxecto do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 440/2017, a nome de J. H. D





co cal considero que está totalmente reposta a legalidade urbanística correspondiente ao expediente nº 440/2017".

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de San Amaro-Aldán, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 6 de abril do 2018.

SEGUNDO.- Que J. H. D, na súa calidade de promotora é responsable directo da referida infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Impoñer a J. H. D, na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de trescentos euros (300,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de San Amaro-Aldán, consistentes en realizar a reconstrución dun muro de cachotería, dúas casetas e un cerramento do fronte da parcela sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 6 de abril do 2018.

Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no período de pago voluntario, aplicarase dunha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 1008/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 18.03.2019 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº 1008/2018, que é como segue:

"M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 20 de decembro de 2018, en relación co expediente sancionador nº 1008/2018, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de F. J. P. L. e L. P. V., e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuaronse no lugar da Avda. de Bueu, obras sen licenza consistentes en realizar o cerramento e cubrición de





terrazza exterior de aproximadamente 50,00 m2., sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 07.03.2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 3 de xaneiro do 2019, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 14.03.2019, presenta escrito de renuncia e desistimento ao exercicio de calquera acción de impugnación para que se aplique a redución do 50 por cento da sanción.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que F. J. P. L. e L. P.V., na súa calidade de promotores son responsables directos da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a imponer na súa contía trescentos euros con cinco céntimos (300,05 €).

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Imponer a F. J. P. L. e L. P.V., na súa calidade de promotores, unha multa sancionadora de trescentos euros con cinco céntimos (300,05 €), por infracción, ao ter cometido obras no lugar da Avda. de Bueu, consistentes en realizar a cubrición de terraza exterior de aproximadamente 50,00 m2., sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 7 de marzo do 2018".

Expediente 360/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 360/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.M.S.H. , para reformas exteriores e interiores nunha superficie de 68,00 m2., da vivenda sita en Praza de San Xoán, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J.R.L., de data 17 de xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil cento oitenta e un euros con noventa e seis céntimos (16.181,96 €).

Expediente 295/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 295/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA", para acondicionamento interior para oficina bancaria





nunha superficie de 231,66 m2., sita na Avenida de Ourense, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto P. M.L.B., de data 14 de xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a trinta e un mil oitocentos vinte e seis euros (31.826,00 €).

Expediente 1370/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1370/2019.- Dáse conta da comunicación previa presentada por S. P. C., para pintado de fachada nunha superficie de 93,00 m2., de vivenda sita en rúa Lirio, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo técnico R.S. C., de data 9 de febreiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a seis centos noventa e oito euros (698,00 €).

Expediente 6079/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6079/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. V. P. para desmontado de cerramento e apertura de oco en muro existente e cerramento parcial en Paseo Carlos Pérez, nº X-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas por Costas, de data 22 de novembro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos corenta e seis euros con dez céntimos (2.446,10 €).

Expediente 394/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 394/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MARISCOS CALIMAR SL", para instalación solar fotovoltaica en nave existente no Alto da Portela-A Madalena-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro D.R.B., de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a vinte e catro mil cento vinte euros (24.120,00 €).

Expediente 1433/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1433/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. F. O. para reformas interiores en local sito en Praza do Arco, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil douscentos cinco euros (2.205,00 €).





Expediente 5523/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5523/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. B. F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Portanet, nº X-Vigo para reforma de cociña en vivenda sita en Vilanova, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación que obra no expediente de data novembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil oitocentos dezaioito euros con dezaseis céntimos (2.818,16 €).

Expediente 5550/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5550/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. C. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Airiños do Monte, nº X-San Roque, para reforma de cociña e baños en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación que obra no expediente de data novembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a cinco mil seiscientos cincuenta e dous euros (5.652,00 €).

Expediente 4528/2018. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4528/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. B. S. G. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Galicia, nº X-Cangas, para actividade de obrador e despacho de pan con degustación no local sito en rúa Real, nº X-Cangas (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 15 de marzo de 2019.

Expediente 74/2019. Comunicación previa cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 74/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "O TXOCO", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello Aldán, nº X, para cambio de titularidade de bar sito en Camiño Vello de Aldán, nº X (referencia catastral X), que ata agora rexentaba M. P. M., segundo o informe favorable do arquitecto de data 15 de marzo de 2019.

Expediente 3326/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística





Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 18.03.2019, referente á incoación de expediente de restauración da legalidade urbanística nº 3326/2018-S, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Nerga-O Hío, polo responsable que se indica nesta resolución, realizáronse obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha ampliación de caseta no longo e ancho.

Resultando que segundo consta no expediente, é presuntamente responsable dos feitos sinalados, D. P. E., como promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a D.P.E., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha ampliación de caseta no longo e ancho, sen licenza para iso no lugar de Nerga-O Hío.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretario deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de





recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán de un prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 6001/2018. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

*CONCEDERLLE a A.V.P., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/000087 – 66037, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 799,26 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 301,62 €/mes.

Número de horas: 66 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 25 de marzo de 2019.

Expediente 1674/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar





Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>*CONCEDERLLE a D.S.A., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/001208 – 68226, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p>Prestacións:</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Atencións de carácter persoal<input type="checkbox"/> Atencións de carácter psicosocial<input type="checkbox"/> Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> 847,70 € (12,11 €/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> 126,02 €/mes.</p> <p><u>Número de horas:</u> 70 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de abril de 2019.</p>	

Expediente 2149/2017. Concesión de servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>*CONCEDERLLE a M.C.M.P., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002118 – 31654, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p>Prestacións:</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Atencións de carácter persoal<input type="checkbox"/> Atencións de carácter psicosocial<input type="checkbox"/> Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> 847,70 € (12,11 €/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> 169,26 €/mes.</p> <p><u>Número de horas:</u> 70 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 25 de marzo de 2019.</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Expediente 5844/2018. Proposta para variación de licenzas municipais de venda ambulante

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da concellería de desenvolvemento económico e emprego local de data 21.03.2019, relativa á transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 65, que é como segue:

"ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 22.02.2019, M. P. P. S., con DNI nº X e enderezo en rúa Camiño da Fonte Bieita, nº X-Moaña, Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de D. J. J. con DNI nº X, domiciliado en rúa Colón, nº X-Tui, Pontevedra, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización. Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia, establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente D. J. J. con DNI nº X

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 65 do mercado dos venres (textil), do que era titular M. P. P. S. a favor de D. J. J, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".





Expediente 3247/2018. Proposta da Alcaldía sobre Sentenza nº 64/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA nº166/2018 (X-18/09)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da alcaldía de data 21.03.2019, referente a Sentenza nº 64/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que é como segue:

"Vista a Sentenza nº 64/2019 ditada o día 12.03.2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA nº 166/2018, tramitado a instancia de 'ALLIANZ SA', contra o Concello de Cangas por desestimación presunta en reclamación de responsabilidade patrimonial por rotura de cristais de cafetería en contía de novecentos oitenta e nove euros (989,00 €).

Vista a parte dispositiva da citada sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

"Que, estimando o recurso contencioso-administrativa presentado pola procuradora, M.C.V.R., en nome e representación de 'Allianz SA', contra a desestimación presunta do Concello de Cangas do Morrazo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola actora en data 4 de abril de 2017, declárase que a actividade administrativa recorrida non é conforme a dereito, debendo declararse a responsabilidade patrimonial da administración local demandada, condenándose a esta ao aboamento á demandante da cantidade de novecentos oitenta e nove euros (989,00 €), cos xuros legais correspondentes desde a data da reclamación administrativa.

As custas causadas á parte demandante impóñense á demandada, sen que a súa contía exceda de catrocentos euros (400,00 €) euros.

Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra esta non cabe interpoñer recurso ningún."

Tendo en conta que este Concello ten subscrita unha póliza de seguro coa entidade 'MAPFRE', para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de trescentos euros (300,00 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza firme nº 64/2019, ditada o día 12.03.2019, polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no PA nº 166/2018, tramitado a instancia de 'ALLIANZ SA', contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de trescentos euros (300,00 €), a favor de 'ALLIANZ SA', con CIF nº X, con cargo ao vixente orzamento municipal e requirir á compañía 'MAPFRE', para que aboe á demandante a diferenza resultante.





Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

Expediente 702/2019. Dación de conta decretos 2019-0284 (convocatoria e bases do proceso de selección de 31 traballadores segundo a subvención liña 3 Plan Concellos 2019 da Deputación Provincial de Pontevedra) e Decreto 2019-0288 (corrección de erros do decreto 2019-0284)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A) Dación de conta decreto 2019-0284 (convocatoria e bases do proceso de selección de 31 traballadores segundo a subvención liña 3 Plan Concellos 2019 da Deputación Provincial de Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local queda informada do Decreto nº 2019-0284 (convocatoria e bases do proceso de selección de 31 traballadores segundo subvención -liña 3- do Plan Concellos 2019 da Deputación Provincial de Pontevedra), que é como segue:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a necesidade de acometer con urxencia (por mor de que os servizos aos que está destinado este persoal é preciso que estean operativos de cara a preparar a inminente tempada de verán) o proceso de selección e posterior contratación de contratación de 31 traballadores, ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.01.2019, sen que caiba agardar para a súa aprobación na vindeira Xunta de Goberno Local, cómpre proceder a súa aprobación avogando a competencia previamente delegada por resolución desta Alcaldía de data 02.07.2015.

Visto que figura no expediente documento xustificativo da existencia de crédito para acometer as contratacións.

Visto o informe de secretaría de data 21.02.2019, que figura incorporado ao expediente e visto o informe de intervención de data 20.02.2019, incorporado ao expediente, cómpre salientar a este respecto que esta Alcaldía entende que as contratacións que se pretenden acometer como se sinala nas bases resultan do outorgamento da subvención solicitada, segundo a convocatoria e bases aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en sesión extraordinaria de data 30.11.2018 (BOP do 18.12.2019) e resolto por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 28.01.2019, que para esta liña establece, no seu punto 8.5.d) das citadas bases, que deben 'responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia'. Aspecto que a Deputación Provincial si considerou suficientemente xustificado coa documentación achegada e que consta no presente expediente, como demostra o outorgamento da subvención.

Sen prexuízo do anterior cómpre recordar o carácter de Concello Turístico do Concello de Cangas e que todas as prazas que se convocan están destinadas a permitir a viabilidade dos servizos que se prestan á cidadanía de cara á tempada estival, período no que Cangas está sometido a notorio aumento de poboación, que esixe que os accesos a zonas de praias estean en condicións, así como, a limpeza e coidados dos espazos de lecer estremada, con vixilancia perante o risco de incendios e coa previsión de que por o aumento das actividades deportivas





nesta época tamén se requira o aumento do persoal de instalacións deportivas. Este aumento de poboación obriga a requirir tamén a contratación dun/dunha auxiliar administrativo, que posibilite a xestión das previsibles necesidades de apoio administrativo.

Tomando en consideración o que antecede en exercicio das competencias que outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar, avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por resolución de data 02.07.2015, as bases para a selección e posterior contratación de 31 traballadores ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.01.2019, bases que literalmente din:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE 31 TRABALLADORES, SEGUNDO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 28.01.2019, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS – 2º RELACIÓN

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 31 traballadores ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.01.2019, distribuídos do xeito que a continuación se pormenoriza:

Denominación Servizo	Núm. Traballadores/ traballadoras servizo
Auxiliar administrativo	1
Conductor/conductora	1
Peón emerxencias	2
Conserxe inst. deportivas	1
Peóns albaneis	4
Peóns xardineiros	3
Peóns agrícolas	10
Peóns varredores	9
Total	31

Respecto ao réxime de contratación e retribucións será o de un contrato laboral por obra ou servizo a tempo completo (modelo 401) e coas percepcións que resultan da valoración efectuada para a solicitude da subvención outorgada, por un período de seis meses, destinada





á contratación de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non se require titulación académica específica (DA 7ª TREBEP) excepto no caso do/a auxiliar administrativo que debe contar como requisito mínimo co ciclo medio de xestión administrativa ou equivalente.
- c) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos público por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, sendo remitidos por este servizo para participar neste proceso selectivo.
- g) Contar co permiso de conducir que habilite para o manexo do tractor e remolque, así como da escavadora municipal para o posto de condutor.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas, de acordo coa base oitava das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019 _ Liñas 2 e 3 (BOP nº 242 do 18.12.2018), terá solicitado os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan





concorrer esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego deberán presentarse para a formalizar a súa instancia de participación e recibir información sobre o desenvolvemento do proceso selectivo no día hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban dende a Oficina Pública de Emprego. Os aspirantes que formalicen a súa solicitude de participación constituirán o listado de admitidos para participar no proceso selectivo.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior a realización do proceso de selección poderá excluírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria outorgándolle prazo de tres días para emendar as deficiencias detectadas.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

A resolución pola que se publique o listado de admitidos, será publicada no taboleiro de anuncios municipal e páxina web do Concello e incluírá a convocatoria para os chamamentos da primeira proba de cada categoría con data, hora e lugar no que se desenvolverán as probas.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécese unha comisión de selección ou tribunal cualificador para a selección dos aspirantes en función dos servizos que se recollen na base primeira, este tribunal vulgará as probas, garantindo e supervisando o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do tribunal cando nestes concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal é a seguinte:

PRESIDENTE: F. F. G.
SECRETARIA: M.. T. C. R.
Vocal 1º: J. L. C. O.





Vocal 2º: J. L. M.
Vocal 3º: C. F. D.
Suplente indistinto: C.C. P.
Suplente indistinto: L. M.D.
Suplente indistinto: A. F. F.
Suplente indistinto: Á. F. L.
Suplente indistinto: J. C. V. M.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente. De producirse algunha baixa na composición do tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da alcaldía.

SEXTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.– FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

PROBA DE OPOSICIÓN

A oposición constará de dúas partes:

PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas e/ou vehículos (no seu caso) propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo. Para as prazas de conserxe o exercicio práctico e/ou preguntas poderán versar ademais sobre situación das dependencias municipais e funcións que se desenvolven nas mesmas.

Na selección da praza de auxiliar administrativo, realizarase un test escrito de 20 preguntas e 5 preguntas reserva que versará sobre ofimática, xestión administrativa e procedemento administrativo no ámbito local (Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local), nun tempo máximo de 40 minutos, sendo seleccionada a persoa que acade a puntuación máxima. Este exercicio estará redactado en galego, debendo aquelas persoas que queiran realizalo en castelán que facelo saber na instancia de participación que presenten.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.





Ao remate da proba de coñecementos profesionais o tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou proporá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas, polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio, os/as aspirantes que acrediten ao tribunal, antes da realización da proba, a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/Todas os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/excluídas do proceso os/as que non comparezan. O tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización dos exercicios escritos.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos na base oitava, apartado 8.5 das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019 _ liñas 2 e 3 (BOP núm. 242 do 18/12/2018), con base nos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, os que conte o Concello e, de ser preciso, a declaración xurada que deberán presentar os empatados, a requirimento dos membros do tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado apartado ata desfacerse o empate e de persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios e ferramentas de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

Na selección da praza de auxiliar administrativo o desempate resolverase en primeiro lugar atendendo ao resultado das respostas reserva do exame tipo test, en segundo lugar tomaranse en consideración as respostas ás preguntas do exame tipo test formuladas eliminando ao candidato que cometa o primeiro fallo segundo a orde na que estean formuladas, en terceiro lugar acudirse aos criterios que se sinalan como criterios de preferencia nas bases da Deputación.

A continuación o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á alcaldía.

O Concello de Cangas, procederá á contratación laboral temporal dos/das candidatos/candidatas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria, sempre que a súa puntuación final fose superior 50% do total posible, sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50% do total posible que serían chamados por orde de puntuación.





Se rematado o proceso de selección algunha das prazas ofertadas non resultase cuberta por non acadar os aspirantes a puntuación mínima esixida para dar por aprobado o proceso o Concello, poderá solicitar sucesivas ampliacións de sondaxe á Oficina de Emprego para realizar cos aspirantes remitidos novos procesos de selección para cubrir a totalidade das prazas ofertadas, rexéndose polas presentes bases. Se poderá proceder do mesmo xeito no suposto de que unha praza inicialmente cuberta quede vacante por baixa do titular e non exista listado de suplentes para a esta se o Concello decide cubri-la.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do Concello (<http://cangas.gal/>), desde o día seguinte a data da súa aprobación, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas."

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

CUARTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión".





B) Dación de conta do Decreto nº 2019-0288 (corrección de erros do Decreto nº 2019-0284)

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Advertido erro na base primeira das bases do proceso de selección 31 traballadores, segundo a subvención liña 3 Plan Concellos 2019, da Deputación Provincial de Pontevedra, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 2019/0284, segundo o cal onde di:

Denominación Servizo	Núm. Traballadores/as servizo
Auxiliar administrativo	1
Conductor/Condutora	1
Peón emerxencias	2
Conserxe inst. deportivas	1
Peóns albaneis	4
Peóns xardineiros	3
Peóns agrícolas	10
Peóns varredores	9
Total	31

Debe dicir:

Denominación Servizo	Núm. traballadores/ traballadoras servizo
Auxiliar administrativo	3
Conductor/Condutora	1
Peón emerxencias	2
Conserxe inst. deportivas	1
Peóns albaneis	4
Peóns xardineiros	3
Peóns agrícolas	9





Peóns varredores	8
Total	31

En correspondencia coa resolución pola que se outorgou a subvención.

Visto o que antecede, tomando en consideración o disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Corrixir o Decreto número 2019/0284 desta Alcaldía, de data 21.02.2019, no xeito indicado máis arriba.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión.

TERCEIRO.- Dar publicidade da presente resolución no xeito indicado nas bases da convocatoria".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 1021/2019. Aprobación convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de 25 traballadores para o servizo de limpeza das praias de Cangas en réxime laboral temporal con previsión de lista de agarda (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 22.03.2019 da alcaldía, referente á convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de 25 traballadores para o servizo de limpeza das praias de Cangas, en réxime laboral temporal con previsión de lista de agarda, que é como segue:

"Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 25.02.2019 a proposta da concelleira de turismo, Tania Castro Paredes, de data 20.02.2019, referente ao inicio do expediente dirixido á convocatoria do proceso de selección de 25 traballadores/traballadoras para o servizo de limpeza nas praias de Cangas, en réxime laboral temporal con previsión de listas de agarda.

Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido á representación sindical, así como, os informes emitidos pola intervención municipal





o 18.03.2019 e Secretaría o 22.03.2019.

Respecto das limitacións á contratación de persoal laboral temporal ás que fan referencia interventor e secretario nos seus informes, invocando o disposto no artigo 19.2 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (LPGE 2018), previsión que se entende vixente ata tanto non se aprobe unha nova Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cómpre recordar respecto da apreciación do carácter urxente e inaprazable destas contratacións, que como se sinalaba na proposta da concelleira de Turismo que serve de xustificación para dar inicio á presente tramitación, que a contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial como é o da limpeza e salubridade pública, mediante a dotación dun servizo de recollida de residuos nas praias (artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local), nun Concello declarado, pola Xunta de Galicia, de Interese Turístico e durante un período o estival, no que as praias deste Concello reciben unha importante afluencia de usuarios.

Por outra banda, atendendo ao informe de secretaría, modifícase o apartado cuarto do borrador de bases no senso de outorgar un prazo de dez días hábiles para a emenda das deficiencias que dean lugar a exclusión provisional dos aspirantes presentados.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local, en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 25 persoas para o Servizo de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna con previsión de lista de agarda, bases que literalmente din:

'BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN DE 25 TRABALLADORES/TRABALLADORAS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DAS PRAIAS DE CANGAS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL CON PREVISIÓN DE LISTA DE AGARDA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS, RÉXIME DE CONTRATACIÓN É SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 25 persoas para o Servizo de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna.

Do total das prazas, 2 estarán reservadas para ser cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% compatible coas funcións a desenvolver.

No suposto de que estas prazas non sexan cubertas, excluíranse da cota de reserva e pasarán a integrarse ás restantes prazas correspondentes ao sistema de acceso libre.

As contratacións serán de carácter laboral temporal a tempo parcial na modalidade de obra





ou servizo, por un período de tres meses entre o 15.06.2019 e o 14.09.2019, cunha xornada laboral 18 horas semanais, distribuídos en xornadas diarias de 3 horas, de 07:00h a 10:00h, cos descansos regulamentarios.

As xendas, que a continuación se sinalan, serán distribuídas entre as persoas seleccionadas en función da puntuación obtida no proceso selectivo:

- 3 persoas serán contratadas de domingo a venres.
- 4 persoas serán contratadas de sábados a xoves.
- 1 persoa será contratada de venres a mércores.
- 10 persoas serán contratadas de xoves a martes.
- 7 persoas serán contratadas de mércores a luns.

O procedemento de selección dos aspirantes será o de oposición libre.

Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sen resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen e para cubrir as necesidades de limpeza das praias de Cangas e a súa contorna durante os anos 2019, 2020 e 2021.

Os contratos que se subscriban incluírán a previsión dun período de proba de un mes de duración, nos casos en que resulte procedente de acordo coa normativa de aplicación.

As persoas seleccionadas seralles de aplicación no momento da súa contratación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal cinco euros con trinta e tres céntimos (5,33 €).

Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dunha persoa que estea incurso en causas de





incapacidade específica coa normativa vixente. Os requisitos anteriores tamén deben cumprirse no momento do chamamento para o suposto das contratacións que se efectúen en uso da lista de agarda.

TERCEIRO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS

Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases dirixida ao alcalde -presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días hábiles a contar desde o primeiro día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, en horario de atención ao público.

As instancias deberán presentarse no modelo específico deste proceso selectivo debidamente asinado que como anexo II achega ás presentes bases, facendo constar expresamente o cumprimento dos requisitos expostos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Malia isto, deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Os/as interesados/interesadas presentarán xunto coa instancia no modelo indicado cuberto e asinado a seguinte documentación:

- Resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación da tesourería do Concello.
- Fotocopia simple por ámbalas dúas caras, do DNI/NIE.
- Copia cotexada da cualificación de minusvalía, no caso de aspirar as prazas reservadas para tal fin.

Os aspirantes ás prazas reservadas para discapacitados deberán indicalo na súa solicitude, indicando o grao de discapacidade que teñan recoñecida, debendo solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>). Os aspirantes excluídos disporán de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>).





O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado. Estes deberán seren xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os membros do tribunal poderán ser recusados cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como, a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización de dúas probas:

1.- PROBA DE COÑECEMENTOS PRÁCTICOS

Exercicio escrito obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes contestarán por escrito a un test de 25 preguntas relacionadas co temario anexo, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos, sendo a puntuación máxima 98 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 49 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.

Os aspirantes deberán marcar de forma clara e precisa a opción da resposta que consideran correcta. No caso de querer cambiar a súa elección deberán indicalo con claridade. En caso de dúbida respecto a opción efectivamente seleccionada a pregunta non puntuará.

O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame.





TEMARIO

O temario terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo. Comprenderá aspectos como a limpeza medio ambiental e en concreto, das praias e da súa contorna: a recollida, tratamento e xestión dos diferentes tipos de residuos e coñecementos xerais sobre o municipio segundo o temario que a continuación se detalla:

1.- Estudo das praias do municipio

Localización

Superficie

Praias aptas para o baño

Praias con bandeira azul

2.- Xestión de residuos

A recollida selectiva: clases de colectores e clasificación dos residuos

Resíduos perigosos e contaminantes e o seu tratamento

Tratamento das algas e outros residuos orgánicos

Este exercicio estará redactado en idioma galego, se ben aqueles aspirantes que desexen facelo en castelán deberán facelo constar expresamente na súa solicitude de participación no proceso selectivo.

2.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Consistirá na tradución dunha serie de 20 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao tribunal, antes da realización da proba, a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

Todos os candidatos que concorran a realización da proba deberán ir provistos do seu DNI, NIE, pasaporte ou permiso de conducir, debendo presentalo ao tribunal cando así llo requiran. En caso de non presentar ningún de estes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os aspirantes serán chamados a realización da proba nun único chamamento, quedando excluídos dos proceso os que non comparezan.

Por razóns de operatividade as persoas que desexen realizar a proba de coñecementos prácticos en castelán deberán facelo constar por escrito na instancia polo que se solicita a participación no proceso selectivo, de non facelo constar así entenderase que optan por facer o exame en galego.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva. No suposto





de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor da persoa con maior puntuación na proba de coñecementos prácticos e de persistir o empate resolveríase mediante sorteo entre as persoas empatadas.

As cualificacións obtidas por cada aspirante servirán para utilizala na elaboración dunha lista de 25 persoas, integrada polas 23 mellores puntuacións acadadas da quenda libre e as 2 melloras da quenda reservada para discapacitados, coa salvidade prevista na base primeira, de tal xeito que de non cubrirse as prazas reservadas para discapacitados pasarán a formar parte da lista de 25 os aspirantes que obtivesen as prazas 24 e 25 da quenda libre. Este listado estará ordenado en función das puntuacións obtidas no proceso.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a puntuación obtida polos/polas aspirantes. O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/da candidato/candidata que acadase a maior puntuación.

OITAVA.- LISTA DE AGARDA

O tribunal incluirá na súa proposta unha lista de agarda, que será utilizada para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes que obtiveron a contratación, así como para as novas necesidades do servizo de limpeza de praias durante os anos 2019, 2020 e 2021, ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo.

As contratacións que se efectúen con base en tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que rematado o contrato derivado de tal chamamento pasarase á seguinte persoa do listado.

Malia o anterior, as persoas que foran chamadas para cubrir as necesidades de contratación derivadas de baixas ou renuncias anteriores e que non chegaran a estar contratadas un mínimo de tres meses, poderán ser chamadas na temporada seguinte ata completar ese mínimo de tres meses.

Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán para tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao negociado de persoal, sendo responsabilidade das persoas que configuran a lista, manter actualizados os seus datos para o chamamento. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.





As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo negociado de persoal para a súa contratación, considerando renuncia inustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle outorgue.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas'.

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 6058/2018. A) Aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre no verán 2019 (Urxencia)





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar as seguintes ocupacións con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre para o verán de 2019, as cales quedaron sobre a mesa para mellor estudo, na sesión do día 18 de marzo de 2019 desta mesma Xunta de Goberno Local e polo tanto adopta os seguintes acordos:</p> <p>PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes solicitudes, de conformidade coa proposta da Alcaldía de data 06.03.2019, referente a aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre durante o verán de 2019, que son:</p> <p>1. <u>Praia de Vilariño:</u></p> <p>(1) Unha superficie para escola de Kayak e Seawalk Paddle de 22,00 m2.</p> <p>2. <u>Praia da Cunchiña (Paseo do Salgueirón):</u></p> <p>(1) Un quiosco de 15,00 m2., e superficie para terraza de 40,00 m2.</p> <p><u>A situación dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos planos anexos.</u></p> <p>SEGUNDO.- Condiciónanse as presentes autorizacións á previa desmontaxe das instalacións de quioscos e terrazas antes da tempada da instalación, requisito sen o cal se entenderá denegada a solicitude. Tal condicionado será comprobado polos servizos municipais competentes.</p> <p>TERCEIRO.- Así mesmo, condiciónanse as presentes autorizacións ao estipulado no bando da alcaldía publicado para o efecto.</p>	

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES
Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

